

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL DO DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2021.

PRESIDENTE SUPLENTE:

D.SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.

VOGAIS:

DON MANUEL GÓNZÁLEZ MARTÍNEZ (*En substitución de CARLOS LÓPEZ FONT*).

DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA

D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.

DONA NOEMÍ OUTEDA PROL.

DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS.

DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS.

D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ.

DONA MARÍA ELENA ESTÉVEZ FREIRE (*En substitución de JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ*).

D. JORGE CUBELA LÓPEZ.

D. ÁNGEL MANUEL RODAL ALMUÍÑA

DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.

DON IGNACIO MARIL PARDO.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.

D. JAVIER TOURÍS ROMERO.

D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.

DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA.

No salón de Plenos do Pazo Provincial, sendo as 11 horas e 30 minutos do día 17 de decembro de 2021 asisten, baixo a Presidencia de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz Presidente suplente da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asisten os Deputados Don Carlos López Font e Don José Alfonso Marnotes González, sendo substituídos polo Deputado, Don Manuel González Martínez e polo

Deputada María Elena Estévez Freire, respectivamente.

Asiste o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA O ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO DE 2022 (RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO) E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO. (EXPTES.- 2021063393 E 2021054525).**



No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 219 de data 13 de novembro de 2021, publicouse un anuncio de exposición pública do acordo plenario de aprobación inicial do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2022.

O expediente do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2022, foi aprobado inicialmente por acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 12 de novembro de 2021 e de conformidade co disposto no artigo 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais o período de exposición pública foi de quince días hábiles, iniciándose o día 15 de novembro de 2021 e finalizando o día 3 de decembro de 2021 (ambos inclusive).

Así mesmo de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia, no citado anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 219 de data 13 de novembro de 2021 someteuse a información pública, por un prazo de vinte días hábiles, a relación de postos de traballo da Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contraincendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

O Xefe do Servizo de Orzamentos Plan e Organismos e o Interventor, con data 9 de decembro de 2021, elaboraron un informe conxunto sobre as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2022, pola Asociación de Veciños San Salvador de Poio (Número de rexistro WEB 2021046535 de data 1 de decembro de 2021) e polo Deputado Provincial, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso co número de rexistro WEB 2021047224 de data 3 de decembro de 2021.

A Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, o Secretario Xeral e o Interventor, elaboraron con data 15 de decembro de 2021 un informe conxunto sobre as alegacións que afectaban ao cadro de persoal e a relación de postos de traballo do ano 2022, presentadas por Beatriz Simón Buceta co número de rexistro WEB 2021045668 de data 25 de novembro de 2021, pola Unión Sindical Obrera (USO) (Número de rexistro de entrada 2021029514 de data 3 de decembro de 2021), pola Sección Sindical de CC.OO na Deputación de Pontevedra (Número de rexistro WEB 2021047502 de data 9 de decembro 2021), e polas delegadas do sindicato UGT (Número de rexistro WEB 2021047527 de data 9 de decembro 2021)



O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Secretario da Comisión sobre a resolución de reclamacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2022 e aprobación definitiva do mesmo, cuxo contido é o seguinte:

“O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 12 de novembro de 2021 acordou aprobar inicialmente o orzamento xeral da Deputación para o ano 2022. De conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2022 quedou exposto ó público, para efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles e no caso da relación de postos de traballo, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, por un período de vinte días hábiles. O anuncio de exposición pública publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 219 de data 13 de novembro de 2021 e dentro do prazo de exposición pública presentáronse as seguintes alegacións:

- *A de Beatriz Simón Buceta co número de rexistro WEB 2021045668 de data 25 de novembro de 2021.*
- *A da Asociación de Veciños San Salvador de Poio (Número de rexistro WEB 2021046535 de data 1 de decembro de 2021) asinada polo seu Presidente, Manuel Fontenla Picallo.*
- *A da Deputado Provincial, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso co número de rexistro WEB 2021047224 de data 3 de decembro de 2021.*
- *A da Unión Sindical Obrera (USO) (Número de rexistro de entrada 2021029514 de data 3 de decembro de 2021) asinada por Lourdes Pedrazuela Bea.*
- *A da Sección Sindical de CC.OO na Deputación de Pontevedra (Número de rexistro WEB 2021047502 de data 9 de decembro 2021) asinada polo Secretario, José Ramón Piñeiro Piñeiro.*
- *A do Sindicato UGT (Número de rexistro WEB 2021047527 de data 9 de decembro 2021) asinada polas Delegadas, Patricia García Martínez e María González García.*



En relación coas alegacións da AA.VV. San Salvador de Poio e do Deputado Provincial, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso emitiron informe conxunto o Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e o Interventor, con data 9 de decembro de 2021, onde se deixa constancia do seguinte:

“Primeiro. Por acordo adoptado no Pleno da Corporación, celebrado o 12 de novembro de 2021, aprobose inicialmente o orzamento provincial para o ano 2022, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo.

Segundo. Dentro do prazo de exposición pública presentáronse, en tempo e forma, as seguintes reclamacións:

1. Con rexistro WEB 2021046535, do día 1 de decembro de 2021, Don Manuel Fontenla Picallo, en representación da Asociación de Veciños de San Salvador de Poio, formula a seguinte alegación, que de forma extractada expone a continuación:

- “En la parroquia de San Salvador de Poio con más de 7.500 habitantes (del municipio de Poio) no se cuenta con un servicio de prevención y extinción de incendios y cuando sucede un altercado, incidente o incendio tienen que venir del GES de Sanxenxo o de Ribadumia tardando más de 30 minutos y hasta una hora en llegar al lugar del suceso”.*
- “Para los municipio de menos de 20.000 habitantes como es el caso de Poio de no contar con este servicio de prevención y extinción de incendios es competencia de la Diputación provincial prestar esta competencia y es por ello por lo que PROPONEMOS: Se aumente la partida presupuestaria en 600.000€ para la dotación de efectivos para la prevención y extinción de incendios en Poio y concretamente, dado el mapa de emergencias actual, la parroquia de San Salvador de Poio y se reduzca la misma cantidad (600.000€) de publicidad institucional”.*

2. Con rexistro WEB 2021047224, do día 3 de decembro de 2021, Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso formula a seguinte alegación , que de forma extractada expone a continuación:

- A Deputación de Pontevedra non destina no Orzamento Provincial a partida necesaria para renovar o convenio para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais no próximo período 2022-2024 coas melloras propostas pola Xunta de Galicia e non da cumprimento as súas competencias, omítese así o crédito necesario para dar cumprimento as obrigas esixibles da Deputación.*



- *Este aumento pode ser realizado coa diminución do gasto corrente, tendo esta posibilidade nas partidas 226 que ascenden a 4.070.811€.*

Terceiro. En contestación as alegacións/reclamacións presentadas no rexistro electrónico desta Deputación contra o acordo de aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o ano 2022 sinaladas anteriormente, informamos o seguinte:

Respecto aos Grupos de Emerxencia Supramunicipal (GES) sinalar que coas aportacións provinciais que se realizan anualmente tanto para o mantemento dos Consorcios Provinciais para a prestación do servizo contra-incendios e salvamento como dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal (GES), na actualidade a Deputación de Pontevedra xa está dando cumprimento as súas competencias en materia de emerxencias (artigo 26 da Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia).

Respecto á implantación dun GES no Concello de Poio, esta é unha decisión que non compete á Deputación de Pontevedra conforme á lexislación vixente nesta materia; xa que cabe recordar que o Concello de Poio está incluído no ámbito territorial cuberto polo GES de Sanxenxo, así como polo Parque de Bombeiros de Ribadumia.

En relación a nova proposta de Convenio para o mantemento dos GES (imposta unilateralmente pola Xunta de Galicia e obviando a previa e necesaria negociación con cada Administración que intervéen no marco das súas competencias e capacidades económicas), a Deputación de Pontevedra aportará 1.426.000,00 euros fronte aos 941.333,33 euros do actual Convenio.

Coa sinatura deste Convenio a Xunta de Galicia trasládalle á Deputación e aos Concellos a obriga do financiamento de parte deste proxecto, financiamento que debería facerse con cargo a fondos da Comunidade Autónoma. Entendemos que cando a Comunidade Autónoma establece vía lexislación sectorial (Lei 5/2007, de Emerxencias de Galicia) competencias obrigatorias ás entidades locais, tamén deberán establecer os medios que se lle transfiren para o adecuado exercicio das mesmas, xa que en caso contrario romperase o seu equilibrio económico e financeiro. Así o establecen os parágrafos 3, 4 e 5 do artigo 205 da



Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o artigo 331 do citado texto normativo (LALGA).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS:

De conformidade co establecido no artigo 170.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, unicamente poderanse presentar reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non ter axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta Lei.*
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigacións esixibles á Entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.*
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentarios ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previstos.*

CONCLUSIÓNS.

En base ao artigo 170.2 do TRDFL, as alegacións presentadas non se axustan aos motivos de reclamacións contra o orzamento, podendo desestimarse as alegacións e aprobar definitivamente o orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

En relación coas alegacións de Beatriz Simón Buceta e dos Sindicatos USO, CC.OO., e UGT, elaborouse con data 15 de decembro de 2021, un informe conxunto asinado pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, o Secretario e o Interventor, onde se deixa constancia do seguinte:

“ANTECEDENTES



1º.- Por acordo adoptado no Pleno da Corporación celebrado o 12/11/2021 de novembro de 2021 aprobouse provisionalmente o orzamento provincial para o ano 2022, cadro de persoal e relacións de postos de traballo, sendo publicado o anuncio no Boletín Oficial da provincia nº 2019 do 13/11/2020.

2º.- O prazo establecido para formular alegacións é de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo que finaliza o 14 de decembro de 2021.

3º.- Dentro do referido prazo, presentáronse a través da sede electrónica da Deputación as seguintes alegacións- reclamacións ás RPTs, cuxo contido expone, de forma extractada, a continuación:

A) ALEGACIONES da funcionaria D^a BEATRIZ SIMÓN BUCETA (Rexistro nº 2021045668, do 25/11/2021), concrépanse nas seguintes obxeccións:

Non está de acordo coa redución que experimenta o complemento específico do seu posto de traballo, pola supresión do factor dedicación, ao non producirse dende que ven desempeñando as funcións propias do posto no ano 2012, variación no volume de competencias asignadas, modificación organizativa, nin funcional que puidera xustificalo.

B) ALEGACIONES DA UNIÓN SINDICAL OBRERA (USO), rexistro electrónico do 3/12/2021, concrépanse nas seguintes obxeccións:

- Non están de acordo que unha praza de funcionario do grupo A1 se converta en directivo, debido á insuficiencia de funcionarios do grupo A1, polo que debería conservarse a xefatura.*
- Non se contempla o custo derivado da promoción interna e do teletraballo*
- A externalización dos servizos, o excesivo número de dedicacións, a amortización de prazas non vacantes ou a súa conversión en prazas de menor complemento, a provisión de postos por libre designación e non por concurso de méritos, a falta da carreira profesional, o incremento do importe das horas extras, a dotación orzamentaria da nova RPT, a falta*



de cobertura das necesidades, a aplicación do complemento de produtividade e a existencia de agravios comparativos en postos iguais que figuran na RPT

- A diferenza de gastos nos capítulos I e II do Consorcio Provincial contra Incendios e o Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, debéndose crear un posto de coordinador de seguridade e emerxencias no cadro de persoal da Deputación Provincial.

C) ALEGACIÓNS DA SECCIÓN SINDICAL DE CCOO, rexistro electrónico do 09/12/2021, concréntanse nas seguintes obxeccións:

1. **Catálogo de postos de traballo:** Consideran necesaria a confección e aprobación dun novo catálogo de postos de traballo, polo que solicitan a dotación dunha cantidade suficiente para a contratación dunha empresa externa que se encargue da súa elaboración
2. **Carreira profesional:** Perciben a intencionalidade de substituír aos técnicos por cargos directivos e consideran que se debería aplicar o art. 24 do Acordo Regulador, relativo aos procedementos de provisión
3. **Bases de aplicación de retribucións:** Aprecian desigualdade retributiva no persoal interino e laboral temporal respecto aos empregados fixos
4. **Horas extras:** Solicitan que se incremente o seu importe
5. **Provisión de postos:** Non se ten en conta o recollido no AR e CC no art. 24 en todo o relativo a súa tramitación
6. **Dedicación parcial:** Aceptan a súa aplicación, sempre que se faga con transparencia e obxectividade tendo en conta a totalidade do cadro de persoal
7. **Teletraballo:** Solicitan impulsar esta modalidade limando algunhas cuestións recollidas no regulamento, xa que non se facilita a súa accesibilidade
8. **Actualización de contías e factores de risco:** pola perda de poder adquisitivo dos anos anteriores, por perigosidade dos postos de traballo de técnico educativo de Príncipe Felipe ou do ORAL
9. **Creación de prazas e modificacións na RPT,** propoñen as seguintes: en Secretaría Xeral crear 1 TAX; en Areeiro crear 1 técnico/a fitopatólogo, 1 técnico/a en edafoloxía, 1 técnico/a especialista en calidade e 1 administrativo/a; En Infraestruturas non amortizar as prazas de condutores, nin das brigadas de infraestruturas e crear as xefaturas de sección A2/25 nos postos de técnicos de proxectos; no Centro Príncipe Felipe crear 1 praza de condutor; no Servizo de NNTT reclasificar a praza



de operador CAU nun grupo C1; no Museo Provincial crear 8 prazas, 4 xefaturas de sección, 10 xefaturas de unidade, cubrir a vacante de axudante de biblioteca e arquivo e cambiar a denominación do posto de técnico auxiliar de biblioteca; no Oral crear novas prazas de auxiliares e administrativos e non abrir a provisión do posto de inspección a persoal doutra administración; e crear as prazas do grupo B para que as persoas que as están desempeñando sexan reclasificadas

10. **Revisión de niveis e CD:** *Se teñen que facer a través dun catálogo de postos para non incorrer en discriminacións; asinar a perigosidade ao persoal educativo; asinar o nivel 22 ao persoal administrativo; asinar o nivel 22 aos postos de encargado; etc.*
11. **Produtividade:** *interesan maior transparencia na súa concesión e tratar o seu reparto na CPM*
12. **Funcionarización:** *recordan que quedan pendentes catro prazas e as últimas que se estabilizaron*
13. **Procesos do Plan de estabilización 2018:** *solicitan que se paralicen estes procesos selectivos en espera da aprobación da Lei de medidas para a redución da temporalidade e posterior negociación nesta Administración*

D) ALEGACIONES DA SECCIÓN SINDICAL DE UGT, rexistro electrónico do 09/12/2021, concrépanse nas seguintes obxeccións:

1. **Reubicación de prazas adscritas a determinados servizos** (como ocorre por exemplo no caso do ORAL), ocupadas por persoas que dende hai anos prestan servizos noutras unidades distintas e que despois de finalizado o proceso de funcionarización, non existe obstáculo para levar a cabo tal modificación..
2. **Transformar algúns postos de persoal laboral** ocupados por persoal interino, en prazas de funcionario, unha vez que finalizou o primeiro proceso de funcionarización no ORAL en prazas do subgrupos C1 e C2.
3. **Realizar as adaptacións orzamentarias** necesarias para continuar co proceso de acomodación ao réxime funcional do persoal laboral.
4. **Dotación orzamentaria para a nova RPT.**
5. **Revisión de complementos de especial dedicación, total e parcial.** No caso da dedicación parcial, solicítase equiparar a proporción de horas mínimas conforme aos mesmo criterios que na dedicación completa consonte ao rateo do 50 % (metade do importe do complemento, por metade do tempo de presenza obrigada). Así mesmo solicitan a revisión deste complemento de especial dedicación na súa asignación



6. **Retribucións do persoal laboral fixo.** *Interesan que se recoñeza ao persoal laboral os servizos prestados noutras Administración en iguais condicións que ao persoal funcionario*
7. **Axudas económicas** *por asistir a cursos, xornadas, congresos, a clarificación dos supostos referidos nos anticipos reintegrables.*
8. **Reclasificación** *de algúns postos ou prazas adscritas a escalas ou categorías profesionais coa mesma denominación e clasificadas en grupos distintos realizando as mesmas funcións. Por exemplo: oficiais de control e vixilancia, delineantes, topógrafos, técnico auxiliar do Gabinete didáctico, técnicos/s auxiliares en tradución e redactor/a-correktor/a (prazas desenvolvidas por filólogos/as e tradutores) clasificados no grupo C1, que deberían encadrarse alo menos no subgrupo A2, condutores do Parque móbil, clasificados no subgrupo C1 e C2, debendo unificarse.*
9. **Médios técnicos e Teletraballo:** *incorporar as dotacións orzamentarias para poder facilitar os medios técnicos para o teletraballo. Ademais solicitan a urxente dotación dos medios técnicos necesarios nalgunhas unidades ou servizos que polas funcións que desenvolven, requiren dun investimento específico, como Finca Mouriscade; Oficinas Periféricas do ORAL (imprescindible dotar do dobre monitor e escáner para as funcións de rexistro e atención ao público) e Servizo de Recursos Humanos e Formación.*
10. *Ademais, de reiterar no escrito de alegación presentado o día 28 de outubro*

3º.- *Sobre a supresión do factor dispoñibilidade ao posto de traballo de administrativa do Servizo de Turismo, a xefatura do Servizo informa indicando que dito cambio responde a unha modificación interna da organización e funcionamento do Servizo, con motivo da aprobación do Plan estratéxico de turismo pola Xunta de Goberno da Deputación no ano 2021, o que xustifica que o desempeño de dito posto non requira de dispoñibilidade, nin a prestación de servizos de xeito permanente fora da xornada laboral ou en domingos e festivos.*

4º.- *Por outra parte, sobre a aprobación inicial do cadro de persoal e RPTs sería preciso incluír as seguintes modificacións, que estando previstas ou algunha delas formulada polas seccións sindicais, se omitiron na proposta inicial:*

A) *Creación dunha praza de técnico/a de xestión, do grupo A2 con posto de traballo adscrito ao Servizo de Comunicación, sobre outra de administrativo*



pertencente ao mesmo Servizo, por reclasificación de persoal, para a xestión administrativa dos expedientes que tramita o Servizo e co fin de poder substituír á xefatura do Servizo en caso de ausencia, ao non existir outro persoal funcionario de nivel superior A1 ou A2.

- B) Creación dunha praza de técnico/a auxiliar de formación, do grupo C1, con posto de traballo adscrito ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, sobre outra de auxiliar informático/a pertencente ao mesmo Servizo, por reclasificación de persoal e para a administración da base de datos de formación e demais aplicacións relacionadas coa xestión de persoal, así como a tramitación dos correspondentes expedientes de formación nas súas diferentes modalidades, o que supón un incremento anual de 5.716,39 €.*
- C) Transformar dous postos de traballo de administrativo/a, do grupo C1, de persoal laboral fixo, adscrito ao Servizo Oral, que se atopan vacantes, en dúas prazas de persoal funcionario de administrativo/a de xestión tributaria, do mesmo grupo de clasificación, nivel e importe de complemento de destino e específico, por tratarse de funcións reservadas a persoal funcionario, o que supón un incremento anual de 2.454,91 €.*
- D) Cambiar a adscrición de dous postos de administrativo/a do Servizo Oral, un para o Servizo de NNTT e outro con destino a Secretaria Xeral, con fin de integralos no Servizo no que desenvolven realmente as súas funcións.*
- E) Cambiar a adscrición dun posto de traballo de condutor maquinista, do grupo C1, que se atopa vacante, do Servizo de Infraestruturas ao Parque Móbil, dependente de Secretaría Xeral, por necesidades do servizo.*

O incremento do custo salarial que deriva das mencionadas reclasificacións, ascende a un total de 8.171,30 €, cantidade que se pode afrontar co montante total do crédito inicial, debido a existencia de prazas vacantes nos Servizos aos que están adscritos os correspondentes postos de traballo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1º.- O artigo 170.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 22.2 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo primeiro do título VI da Lei 39/88, dispón que unicamente poderán entablarse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación ós trámites establecidos nesta Lei.*



- b) *Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.*
- c) *Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación ós gastos orzamentarios ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previstos.*

2º.- Tal e como determina o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do emprego público de Galicia, a relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia

3º.- A tenor do disposto no art. 37 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do Empregado Público, serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda, entre outras, a aplicación do incremento das retribucións do persoal ó servizo das Administracións Pública así como a determinación e aplicación de retribucións dos funcionarios, quedando excluídas expresamente da obrigatoriedade da negociación as decisións das Administracións Públicas que afecten as súas potestades de organización e a determinación das condicións de traballo do persoal directivo, entre outras. Neste senso, unha ampla e reiterada xurisprudencia, como a recollida na Sentenza do TSJ de Extremadura núm. 532/2005 de 16 xuño, recoñece que o principio de autoorganización nas Administracións Locais, nas distintas materias relacionadas coa súa organización administrativa, está referido, fundamentalmente, á facultade para establecer as súas propias estruturas organizativas, de conformidade coa Constitución e os límites que estableza o Lexislador. Iso leva que sexa a Administración o único ente que pode e debe valorar as concretas necesidades da súa organización administrativa e definir as



características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura administrativa en exercicio desa potestade de autoorganización. Na mesma liña pronúnciase o tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do contencioso-administrativo, Sección 1ª), mediante sentenza núm. 451/2012 de 21 marzo, ao indicar que “a finalidade do mellor servizo aos intereses xerais que se desprende do artigo 103 da Constitución presupón a atribución á Administración da capacidade de organización e coordinación dos seus servizos, sendo indiscutible tal facultade da Administración de organizar os servizos ao seu cargo na forma que estime máis conveniente aos intereses públicos, (...). A elaboración ou confección da RPT integra, por tanto, unha cuestión organizativa que atopa adecuado encaixe dentro das facultades que nese aspecto corresponden á Administración (...).

4º.- Examinadas as alegacións formuladas dentro de prazo pola Sección Sindical de CCOO, UGT e USO pódese comprobar que ningunha delas se fundamenta nos motivos contemplados no referido artigo 170.2 do TRLRFL, e a maioría afectan á a potestade de autoorganización da Corporación Provincial, a quen lle corresponde valorar as concretas necesidades da organización administrativa, coordinar os servizos ó seu cargo e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura.

As mencionadas modificacións do cadro de persoal e relacións de postos de traballo por amortización de postos vacantes, creación de novas prazas ou cambios de denominación, tramítanse en virtude da potestade de autoorganización da corporación provincial co fin de adecuar a estrutura de persoal ás necesidades reais desta Administración, o que se leva a cabo con fundamento no artigo 4.1 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local.

Materias como a implantación do teletraballo, a carreira administrativa, a elaboración dunha nova RPT, a provisión de postos de traballo ou a cobertura das vacantes non son obxecto de negociación no momento de aprobación do orzamento provincial.

Ademais, sobre as alegacións formuladas pola Sección Sindical de CCOO, débese advertir que reproducen integramente as expostas para a negociación do orzamento provincial, incluíndo, a maiores, o relativo á paralización dos



procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, sen precisar o ano e que se sobreentende que aluden ás do 2018, materia que non é competencia do pleno da Corporación Provincial, nin motivo de alegación na aprobación definitiva do cadro de persoal e RPT do ano 2022.

No mesmo sentido, as alegacións da Sección Sindical de UGT, xa tratadas na negociación e sobre as que se introduce algunha modificación neste expediente de aprobación definitiva, como o cambio de adscrición de dúas prazas do Oral ou a conversión de dous postos laborais fixos vacantes do Oral en prazas de persoal funcionario.

E polo que se refire á alegación de USO, relativa ás diferenzas de gastos dos capítulos I e II dos Consorcios contra Incendios, débese aclarar que estas reproducen as do ano anterior e son consecuencia da distinta modalidade de xestión, podéndose verificar tal circunstancia consultando as RPTs de cada un deles.

5º.- En canto á supresión do factor de dedicación dentro do complemento específico dun posto de traballo de administrativa do Servizo de Turismo, débese aclarar que de conformidade coas bases de aplicación de retribucións do orzamento provincial, as asignacións de dedicación que se obedecen á actual organización e sistema de funcionamento dos distintos servizos provinciais, polo que calquera modificación na estrutura destes, tanto organizativa coma funcional, que leve unha alteración operativa destes, poderá posibilitar a modificación das asignacións de dedicación efectuadas. Tales circunstancias se acreditan co informe da xefatura de Servizo de Turismo que pon de manifesto que o sistema de organización e funcionamento do servizo modificouse internamente coa aprobación do Plan estratéxico de turismo pola Xunta de Goberno da Deputación no ano 2021, non sendo necesario que o desempeño do posto de administrativa requira de dispoñibilidade, nin a prestación de servizos de xeito permanente fora da xornada laboral ou en domingos e festivos.

6º.- Por último e respecto aos cambios que se incorporan no cadro de persoal e RPTs coa aprobación definitiva procede sinalar que se levan a cabo en virtude da potestade de autoorganización da Corporación Provincial para garantir o normal funcionamento dos servizos, adecuar ás prazas ás funcións reais que



están a desenvolver e adscribir ás persoas funcionarias aos Servizos nos que desenvolven a súa actividade.

7º.- Segundo se recolle no artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, ao amparo do previsto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

En base ós antecedentes e fundamentación xurídica exposta anteriormente,
PROPONSE:

- 1. Desestimar a alegación presentada por Dona Beatriz Simón Buceta, por haberse efectuado a teor do disposto nas Bases de aplicación de retribucións do orzamento provincial e de acordo co informe da xefatura do Servizo de Turismo.*
- 2. Desestimar as alegacións presentadas polos Sindicatos USO, CCOO e UGT polas razóns expostas nos apartados anteriores.*
- 3. Aprobar definitivamente o orzamento xeral da Deputación de Pontevedra, cadro de persoal e relacións de postos de traballo para o ano 2022 coas seguintes rectificacións sobre a aprobación inicial:*
 - a) Crease unha praza de técnico/a de xestión, do grupo A2 con posto de traballo adscrito ao Servizo de Comunicación, sobre outra de administrativo pertencente ao mesmo Servizo, por reclasificación de persoal*
 - b) Crease unha praza de técnico/a auxiliar de formación, do grupo C1, con posto de traballo adscrito ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, sobre outra de auxiliar informático/a pertencente ao mesmo Servizo, por reclasificación de persoal*
 - c) Transfórmanse dous postos de traballo de administrativo/a, do grupo C1, de persoal laboral fixo, adscritos ao Servizo Oral, que se atopan vacantes, en dúas prazas de persoal funcionario de administrativo/a de xestión tributaria, do mesmo grupo de clasificación, nivel e importe*



de complemento de destino e específico, por tratarse de funcións reservadas a persoal funcionario.

- d) Cambiase a adscrición de dous postos de administrativo/a do Servizo Oral, un para o Servizo de NNTT e outro con destino a Secretaría Xeral, con fin de integralos no Servizo no que desenvolven realmente as súas funcións.*
- e) Cambiase a adscrición dun posto de traballo de condutor maquinista, do grupo C1, que se atopa vacante, do Servizo de Infraestruturas ao Parque Móbil, dependente de Secretaría Xeral, por necesidades do servizo.*

Considerando os antecedentes e consideracións legais así como as conclusións que figuran no informe conxunto elaborado polos Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e o Interventor, de data 9 de decembro de 2021, así como no informe conxunto asinado pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, o Secretario e o Interventor de data 22 de decembro de 2021, e tendo en conta que o artigo 88.6 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas establece que a aceptación de informes ou ditámenes servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Considerando o establecido no artigo 33.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no que se recolle que lle corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co disposto na Lei reguladora de facendas locais.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital acorda:

1. Desestimar as alegacións presentadas polo Presidente da Asociación de Veciños San Salvador de Poio (Número de rexistro WEB 2021046535 de data 1 de decembro de 2021) e a do Deputado Provincial, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (Número de rexistro WEB 2021047224 de data 3 de decembro de 2021), polas razóns expostas no informe conxunto emitido polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e o Interventor, de data 9 de decembro de 2021.



2. Desestimar as alegacións presentadas por Beatriz Simón Buceta (Número de rexistro WEB 2021045668 de data 25 de novembro de 2021), por Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obrera (USO) (Número de rexistro de entrada 2021029514 de data 3 de decembro de 2021), por José Ramón Piñeiro Piñeiro como secretario da Sección Sindical de CC.OO na Deputación de Pontevedra (Número de rexistro WEB 2021047502 de data 9 de decembro 2021), e polas Delegadas do Sindicato UGT, Patricia García Martínez e María González García (Número de rexistro WEB 2021047527 de data 9 de decembro 2021), polas razóns expostas no informe conxunto emitido pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, o Secretario e o Interventor de data 22 de decembro de 2021.

3. Aprobar definitivamente o orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o ano 2022, que comprende:

-O orzamento da Deputación de Pontevedra, por importe de 175.796.471,00 euros.

-O orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 595.445,00 euros.

-O orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contraincendios e salvamento, por importe de 3.895.600,00 euros.

- O orzamento do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, por importe de 1.108.012,00 euros

-O orzamento xeral consolidado, por importe de:

-En ingresos.....179.512.478,00 euros.



-En gastos.....179.512.478,00 euros.

-As bases de execución do orzamento xeral da Deputación, e as específicas da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contraincendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

-O organigrama da Deputación, o da Fundación Escola Universitaria de Enfermería o do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contraincendios e salvamento e o do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

-Os cadros do persoal funcionario, as relacións de postos de traballo e os cadros do persoal laboral fixo, directivo e eventual da Deputación de Pontevedra, da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contraincendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, coas seguintes rectificacións sobre o acordo de aprobación inicial adoptado na sesión do día 12 de novembro de 2021.

- a) Crease unha praza de técnico/a de xestión, do grupo A2 con posto de traballo adscrito ao Servizo de Comunicación, sobre outra de administrativo pertencente ao mesmo Servizo, por reclasificación de persoal
- b) Crease unha praza de técnico/a auxiliar de formación, do grupo C1, con posto de traballo adscrito ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, sobre outra de auxiliar informático/a pertencente ao mesmo Servizo, por reclasificación de persoal
- c) Transfórmanse dous postos de traballo de administrativo/a, do grupo C1, de persoal laboral fixo, adscritos ao Servizo Oral, que se atopan vacantes, en dúas prazas de persoal funcionario de administrativo/a de xestión tributaria, do mesmo grupo de clasificación, nivel e importe de complemento de destino e específico, por tratarse de funcións reservadas a persoal funcionario.
- d) Cambiase a adscrición de dous postos de administrativo/a do Servizo Oral, un para o Servizo de NNTT e outro con destino a Secretaria Xeral, con fin de integralos no Servizo no que desenvolven realmente as súas funcións.



- e) Cambiase a adscripción dun posto de traballo de condutor maquinista, do grupo C1, que se atopa vacante, do Servizo de Infraestruturas ao Parque Móbil, dependente de Secretaría Xeral, por necesidades do servizo.

-O Anexo de investimentos para o exercicio 2022.

-A previsión do plan (marco) orzamentario a medio prazo 2021-2023.

-Os resumes por capítulos dos estados de gastos e ingresos dos orzamentos indicados, que son o seguintes:

ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	48.486.316,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	36.430.332,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	309.001,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	30.384.107,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos...	1.000.000,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>116.609.756,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inwestimentos reais.....	12.699.910,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	45.487.285,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	272.401,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	727.119,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>59.186.715,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	175.796.471,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos.....	13.561.353,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	14.478.973,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos.....	11.799.393,00 €



Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	132.767.883,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	226.776,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>172.834.378,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais.....	1.000.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	1.061.593,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	900.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>2.962.093,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	175.796.471,00 €

ORZAMENTO DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	525.532,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	61.400,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	100,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>587.032,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais.....	8.413,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>8.413,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	595.445,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos.....	125.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	462.031,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	1,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>587.032,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	8.413,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>8.413,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	595.445,00 €

ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.



ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	2.977.218,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	796.801,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	2.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.000,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>3.779.019,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais.....	116.581,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>116.581,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	3.895.600,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos...	1.968.500,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	1.927.000,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	100,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>3.895.600,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	3.895.600,00 €

ORZAMENTO DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E TABELIÓS-TERRA DE MONTES.

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	947.689,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	150.353,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>1.098.042,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais.....	9.970,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>9.970,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	1.108.012,00 €

ESTADO DE INGRESOS



OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos.....	204.300,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	903.712,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>1.108.012,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	1.108.012,00 €

ORZAMENTO CONSOLIDADO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	52.936.755,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	37.438.886,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	309.101,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	28.511.470,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.	1.003.000,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>120.199.212,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais.....	12.834.874,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	45.478.872,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	272.401,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	727.119,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>59.313.266,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	179.512.478,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORIENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos.....	13.561.353,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	14.478.973,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos.....	14.097.193,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	134.185.989,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	226.877,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>176.550.385,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais.....	1.000.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	1.061.593,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	900.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>2.962.093,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	179.512.478,00 €



Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo asinada polo Secretario da Comisión sobre as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2022, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (7)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo sobre as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2022, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG e cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular.

2. ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE PARA CONCERTACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO CON APERTURA DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 5.000.000,00 EUROS. (EXPTES.-2021063828 E 2021056421).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos de data 15 de decembro de 2021, na que figura o conforme do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, cuxo contido é o seguinte:



“O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a adxudicación da operación de “préstamo con apertura de crédito” a través dunha operación a longo prazo por un importe de 5.000.000,00 euros co obxectivo de financiar parte da ampliación dos investimentos do “Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid (REACPON) con destino aos Concellos da Provincia”, por un prazo de 13 anos incluíndo 3 anos de carencia e disposición, con cotas de amortización trimestrais durante os 10 últimos anos polo método constante e liquidación de intereses trimestral.

De conformidade co disposto no artigo 48 bis do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, todas as operacións financeiras que subscriban as entidades locais están suxeitas ao principio de prudencia financeira. Pola Intervención emitiuse o correspondente informe sobre as condicións que rexen a concertación da operación de “préstamo con apertura de crédito” en aplicación do principio de prudencia financeira.

Por acordo plenario do 26.11.2021 apróbase o expediente destinado á concertación da presente operación, incluíndo o seu correspondente prego de cláusulas técnicas e administrativas.

Con data do 29 de novembro de 2021, publicouse o anuncio de licitación no perfil de contratante con toda a documentación integrante do expediente.

A día 13 de decembro de 2021, o órgano técnico de contratación previsto nos devanditos pregos, procede á apertura das ofertas presentadas na plataforma VORTAL, resultando ser as seguintes:

LICITADOR	A XUROS FIXOS	A XUROS VARIABLES (Diferencial)	COMISIÓN NON DISPOÑIBILIDADE	XUROS DE DEMORA	OBSERVACIÓNS
"ABANCA"	Oferta a)	Oferta b) Euribor 3M + 0,66%	0,00%	2%	
"BBVA"	Oferta a)	Oferta b) Euribor 3M + 0,49%	0,00%	2%	
"SABADELL"	Oferta a) 0,77%	Oferta b)	0,00%	1,5%	
"UNICAJA"	Oferta a)	Oferta b) Euribor 3M + 0,25%	0,00%	1%	



Acordando remitir a Intervención a documentación para o seu estudo e valoración.

O 14 de decembro de 2021 reúnese de novo o sinalado órgano técnico de contratación, quen precisa:

“Respecto das ofertas presentadas:

1. Compróbase a relación de ofertas a tipo de interese variable (Euribor tres meses) cualifícanse en función do mellor diferencial, obténdose a seguinte clasificación:

1) **UNICAJA**, oferta Euribor 3M + **0,25%**; comisión dispoñibilidade 0,00% e xuros de demora **1,00%** [diferencial sobre o tipo de interese da operación].

2) **BBVA**, oferta Euribor 3M + **0,49%**; comisión dispoñibilidade 0,00% e xuros de demora **2,00%** [diferencial sobre o tipo de interese da operación].

3) **ABANCA**, oferta Euribor 3M + **0,66%**; comisión dispoñibilidade 0,00% e xuros de demora **2,00%** [diferencial sobre o tipo de interese da operación].

2. **A tipo de xuro fixo a oferta recibida de Banco SABADELL: oferta xuros fixos do 0,77%; comisión dispoñibilidade 0,00% e xuros de demora 1,50%** [diferencial sobre o tipo de interese da operación].

Á vista do exposto, a oferta máis beneficiosa economicamente para a Deputación estriba entre a mellor oferta a tipo de interese variable de UNICAJA: Euribor 3M + 0,25% e a oferta do Banco SABADELL: oferta xuros fixos do 0,77%.

Na mesma sesión alúdese a unha serie de deficiencias formais, mais emendables, das dúas ofertas anteriores, e continúaase:

“Este órgano técnico de contratación, partindo da especialización técnica dos seus membros autores do informe emitido co CSV 1JII8A5IL2KITFO6, que conclúe:

“a proposta recibida de Banco SABADELL: 0,77% anual a tipo fixo, para 5.000.000,00 €, e dada a actual conxuntura económica e situación da débeda contratada ata a data, pode resultar mais vantaxosa para esta Deputación.

E de conformidade coa cláusula décimo terceira dos pregos desta contratación, acorda propor ao órgano de contratación, condicionada á emenda da documentación sinalada no punto anterior respecto da adxudicataria e logo das



comprobacións que procedan segundo os referidos pregos, a adxudicación do PRÉSTAMO CON APERTURA DE CRÉDITO destinado a financiar parte da ampliación do “Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid (REACPON) con destino aos Concellos da Provincia” á entidade financeira Banco SABADELL, de acordo co seguinte detalle (...).”

Non obstante, na sesión do mesmo órgano técnico especializado do 15.12.2021, ponse de manifesto como as deficiencias formais relativas á entidade proposta de adxudicación non eran tales (ao constar acreditada a súa real presentación), así como comprobada que se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, polo que muda a súa proposta de acordo de tal forma que se elimina o condicionamento precisado. Isto salvo o que respecta a xustificación de estar ao corrente das obrigas coa Facenda autonómica e ao achegamento do DNI compulsado do asinante da proposición.

*Presumiblemente estas circunstancias concluíranse a día de mañá, ou previamente en todo caso á celebración da Comisión Informativa. **Doutra maneira, a proposta de acordo que se emite de seguido condicionaríase ao cumprimento e acreditación de tales extremos, debendo comprobarse ou requirírselle en tal sentido.***

*Polo tanto, en atención ao exposto e visto o ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, **o Pleno desta Corporación** segundo os artigos 33.2.K) e 47.2.I) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **ACORDA:***

PRIMEIRO.

Considerar presentadas en prazo as ofertas que se relacionan.

Establecer a relación de ofertas a tipo de interese variable (Euribor tres meses), cualificándose en función do mellor diferencial, obténdose a seguinte clasificación:

- 1) UNICAJA, oferta Euribor 3M + 0,25%; comisión dispoñibilidade 0,00% e xuros de demora 1,00% [diferencial sobre o tipo de interese da operación].*
- 2) BBVA, oferta Euribor 3M + 0,49%; comisión dispoñibilidade 0,00% e xuros de demora 2,00% [diferencial sobre o tipo de interese da operación].*
- 3) ABANCA, oferta Euribor 3M + 0,66%; comisión dispoñibilidade 0,00% e xuros de demora 2,00% [diferencial sobre o tipo de interese da operación].*



E, a tipo de xuro fixo a oferta recibida de Banco SABADELL: oferta xuros fixos do 0,77%; comisión dispoñibilidade 0,00% e xuros de demora 1,50% [diferencial sobre o tipo de interese da operación].

SEGUNDO.

*De conformidade coa proposta do órgano técnico de valoración, que a súa vez parte do informe da Intervención cuxo CSV: 1JII8A5IL2KITFO6 antes se sinalou, aos que se fai expresa remisión a efectos de motivar o presente, **adxudicar** a concertación da operación de PRÉSTAMO CON APERTURA DE CRÉDITO destinado a financiar parte da ampliación do “Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid (REACPON) con destino aos Concellos da Provincia”, á Entidade Financeira **Banco SABADELL**, con C.I.F.A08000143, nas seguintes condicións:*

- *Tipo de operación: PRÉSTAMO CON APERTURA DE CRÉDITO.*
- *O importe da operación: 5.000.000,00 €.*
- *Prazo total da operación: 13 anos.*
- *Prazo de carencia: Os 3 primeiros anos.*
- *Prazo de disposición: Os 3 primeiros anos.*
- *Prazo de amortización: constante (os 10 últimos anos).*
- *Período de liquidación de intereses e amortización: Trimestral.*
- *Tipo de interese: **Fixo: 0,77%**, [inferior ao CTMF: +0,793%].*
- *Comisións de non dispoñibilidade: máximo 0,00% anual.*
- *Tipo de interese de Demora: 1,50 puntos básicos sobre o tipo de interese debedor.*

TERCEIRO.-

Notificar o presente acordo co seu oportuno réxime de recursos a todas as entidades participantes e proceder á súa publicación no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público). O expediente estará a súa disposición para o seu exame sen máis requisito que a súa mera petición.

CUARTO.-

Comunicar á entidade financeira adxudicataria do contrato que queda obrigada á súa formalización na correspondente escritura pública a favor desta entidade,



no prazo de 20 días contados a partir do día seguinte á notificación da adxudicación.

Para o suposto de que a entidade proposta de adxudicación non concorrese á formalización da escritura pública, analizarase a posibilidade de adxudicación á seguinte oferta máis favorable, logo da comprobación e no seu caso emenda da súa documentación administrativa.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo asinada polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos con data 15 de decembro de 2021, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo relativa á adxudicación do expediente para concertación dunha operación de préstamo a longo prazo con apertura de crédito por importe de 5.000.000,00 euros, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do grupo provincial do Partido Popular e do BNG.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as once horas e trinta e sete minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión
Asdo.: José Antonio Gulías Varela
(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

